

Convenio colectivo para a empresa Butavigo, S.A. (Anos 2004-2006)¹

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

Este convenio afecta a empresa Butavigo, S.A. dedicada á distribución e venda de gas butano e propano envasado. A dita empresa está rexida pola ordenanza laboral para as axencias distribuidoras de gas butano, aprobada pola Orde ministerial do 29 de xullo de 1974.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

As normas establecidas neste convenio inclúen a totalidade do persoal ocupado pola empresa afec

tada, así como o persoal de novo ingreso durante a súa vixencia. O persoal que finalice o contrato antes da sinatura da nova táboa salarial terá dereito a percibir os atrasos dos meses traballados.

Artigo 3º.-Vixencia.

Este convenio, que terá unha duración de tres anos, entra en vigor o 1 de xaneiro de 2004, finalizando os seus efectos o 31 de decembro de 2006. A táboa salarial adxunta ten efecto desde o 1 de xaneiro de 2004 ao 31 de decembro de 2006.

Artigo 4º.-Denuncia.

A denuncia do convenio levarase a cabo por escrito, de acordo coa lexislación vixente, cunha antelación dun mes á terminación dos seus efectos. De non ser denunciado na forma establecida no convenio, entenderase prorrogado por anualidades.

Artigo 5º

As condicións pactadas forman un todo orgánico e indivisible. Para efectos da súa aplicación consideraranse globalmente.

Artigo 6º.-Retribución.

A táboa salarial (anexo), establécese con vixencia desde o día 1 de xuño de 2004 ata o 31 de decembro de 2004, con efectos retroactivos desde o día 1 de xaneiro de 2004 e cun incremento do 3,5% sobre a establecida para o ano 2003.

O incremento salarial para o segundo ano de vixencia (2005), será o IPC real do 2004 máis 0,5%.

O incremento salarial para o terceiro ano de vixencia (2006), será o IPC real do 2005 máis 0,5%.

Artigo 7º.-Condicións máis beneficiosas.

Respectaranse na súa totalidade estritamente ad personam aquelas condicións máis beneficiosas que teñan os traballadores concedidas pola empresa por pacto ou costume.

Artigo 8º.-Compensación e absorción.

As condicións económicas establecidas no convenio consideradas en conxunto, poderán ser compensadas nas xa existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a súa orixe; así mesmo, poderán ser absorbidas outras concesións fixadas por disposición legal.

Artigo 9º.-Antigüidade.

Cada traballador percibirá un 3% do salario por cada tres anos de servizos prestados á empresa. O período de aprendizaxe computarase para efectos dos aumentos económicos por antigüidade.

Artigo 10º.-Gratificacións extraordinarias.

¹ Publicado no DOG núm. 138, do 19 de xullo de 2004.

Todos os traballadores afectados por este convenio percibirán unha gratificación extra de Nadal e outra de xullo cada ano, sendo cada unha delas equivalentes ao salario base establecido por cada categoría, máis a antigüidade que corresponda, máis complemento de transporte.

Artigo 11º.-Participación en beneficios.

A todos traballadores concederáselles unha paga anual de beneficios por unha cantidade equivalente ao salario base, máis antigüidade, máis complemento de transporte.

Artigo 12º.-Complemento de transporte.

Todos os traballadores terán dereito a percibir un complemento en concepto de transporte de 3,09 euros por cada día efectivamente traballado.

Artigo 13º.-Póliza de seguro colectivo.

A empresa comprométese a facer unha póliza por accidentes laborais, que chegará en caso de morte a dezaoto mil trinta euros con trinta e seis céntimos (18.030,36 euros) e no caso de grande invalidez, ata vinte e catro mil corenta euros con corenta e oito céntimos (24.040,48 euros). O prazo para contratar esta póliza será de trinta días.

Artigo 14º.-Vacacións.

Os traballadores afectados por este convenio, gozarán cada un de 22 días laborables (luns a venres non festivos) de vacacións rotativas e consecutivas entre os meses de maio a outubro. Para iso, manterase o sistema de quendas e calendario vixente na empresa ata a data. Os días de Noiteboa, Fin de Ano e véspera de Reis a xornada será das 7.00 ás 15.00 horas.

Artigo 15º.-Licenzas retribuídas.

O traballador logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración por algún dos motivos seguintes:

-15 días en caso de matrimonio.

-2 días nos casos de nacemento de fillos, enfermidade grave ou falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando por tal motivo o traballador necesite un desprazamento, o prazo será de 4 días.

-1 día por traslado de domicilio habitual.

-Polo tempo necesario por incumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.

-Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos no Estatuto dos traballadores.

Artigo 16º.-Xornada.

Establécese unha xornada de 1.792 horas anuais, en cómputo de 40 horas semanais.

A dita xornada distribuirase de luns a venres. A xornada continuada establécese desde o 1 de xuño ao 30 de setembro, ambos inclusive. A dita xornada non poderá exceder nin quedar fóra da anteriormente establecida das 7.00 ás 15.00 horas, pero concretarase e fixarase ao elaborar o cómputo anual de común acordo cos traballadores, que permitirá unha distribución horaria irregular da xornada segundo a temporada.

Artigo 17º.-Complemento de IT.

No caso de baixa producida por incapacidade laboral transitoria, a empresa aboará o importe íntegro da retribución, incluída antigüidade e complemento de transporte, a partir dos 15 días da baixa, e desde o primeiro día se houbese internamento ou se a baixa se produce por accidente de traballo.

Artigo 18º.-Horas extraordinarias.

As horas extraordinarias serán reflectidas na folla salarial como horas extraordinarias, sendo do 150% en días laborables, e do 300% se houbese que traballar sábados, domingos e festivos.

Artigo 19º.-Quilometraxe.

No caso de ter que desprazarse en coche propio por encargo da empresa, aboarase a 0,17 euros por km.

Artigo 20º.-Uniforme.

Todos os traballadores terán dereito a roupa e calzado necesario durante todo o ano, segundo o traballo.

Artigo 21º.-Revisión médica.

A empresa fará unha revisión médica cada ano a todos os traballadores.

Artigo 22º.-Axudas de custo.

No caso de desprazamento fóra da cidade, aboarase axuda de custo, segundo factura.

Artigo 23º.-Xubilación.

Aqueles traballadores, maiores de 64 anos, con antigüidade na empresa superior a 10 anos que causen baixa voluntaria nela, terán dereito a gozar un mes de vacacións retribuídas.

O gozo destas vacacións retribuídas realizarase coa correspondente antelación ao seu cesamento efectivo, debendo comunicarlle o traballador á empresa de forma fidedigna, a súa decisión de cesar voluntariamente.

Artigo 24º.-Comisión paritaria.

De acordo co establecido no artigo 85 do Estatuto do/dos traballador/es, créase unha comisión paritaria do convenio que terá as funcións e fins regulados pola normativa vixente, a cal estará presidida polo presidente da comisión deliberadora e estará composta por igual número de vogais representativos dos traballadores por unha parte, e empresarios da outra, na que a designación recaerá sobre as mesmas persoas e en igual número de vogais titulares que foron nomeados para a negociación deste convenio.

Artigo 25º.-Partes asinantes.

Asinan este convenio, dunha parte, os traballadores Butavigo, S.A., xunto co delegado de persoal, e doutra José Ramón Pérez Nieto na súa calidade de representante da empresa, en Vigo o 1 de xuño de 2004.

ANEXO

Categoría	Táboa salarial 2003	Táboa salarial 2004
Xefe de administración	881,19	912,03
Oficial de primeira	711,45	736,35
Oficial de segunda	669,27	692,69

Almaceneiro	655,03	677,95
Aspirante	401,64	415,69
Telefonista	587,09	607,63
Auxiliar de oficina	608,39	629,68
Vixilante xurado	608,39	629,68
Garda	591,17	611,86
Condutor de camión	696,06	720,42
Condutor de reparto	673,17	696,73
Condutor carreta	657,81	680,83
Mozo de almacén e repartición	616,02	637,58
Mecánico visitador-montador	733,29	758,95

Mecánico instalador	725,92	751,32
Limpadora por horas	2,56	2,64
Complemento transporte día	2,99	3,09

O incremento efectuarase sobre os conceptos de salario base, antigüidade e complemento de transporte